

PAZO DE TOR

As orixes deste pazo están ligadas á liñaxe dos Garza, no século XIV, e a súa posesión mantívose en mans dos seus descendentes directos ata a súa derradeira propietaria, D.^a María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga, quen, en 1998, o doou á Deputación de Lugo, institución que despois de musealizalo o abriu ao público o 13 de xullo de 2006.

O edificio data fundamentalmente do último terzo do século XVIII, se ben conta con algún vestixio anterior. Encádrase dentro do estilo barroco, de longa persistencia en Galicia, pero xa matizado por certo sentimento estético neoclásico visible na súa sobriedade, simetría e emprego das ordes clásicas.

Ademais do aspecto arquitectónico, a visita ao pazo permite ver integramente todas as súas salas e dependencias, co seu mobiliario orixinal e coas coleccións artísticas que a familia foi atesourando ao longo dos séculos, o que constitúe un testemuño privilexiado do modo de vida da nobreza na Galicia da Idade Moderna e Contemporánea.

Conta este pazo con 17 dependencias visitables entre habitacións, comedores e salóns, que na súa maioría conservan o seu mobiliario orixinal e que acollen un bo número de obras artísticas: pintura, escultura e artes suntuarias de moi variada cronoloxía e procedencia. Interesantes son tamén un mapa de Galicia, elaborado por Domingo Fontán, e un plano-informe, do ano 1757, feito polo escultor Agustín Baamonde, cun debuxo da praza do Campo Castelo de Lugo.

Entre as estancias deste pazo destacan especialmente: a Sala de Armas, o Salón Norte, o Despacho, o Salón de xogos, o Salón do mediodía, o Dormitorio principal e o Comedor principal.

Sala de Armas (1)

Acolle dúas armaduras e un conxunto de panoplias con espadas e armas de fogo, entre as que destaca unha espingarda. Do mobiliario desta sala, chaman a atención a mesa central, realizada en madeira de castiñeiro con caixóns tallados, un armario decorado con pinturas e unha liteira para o transporte de persoas.

Salón Norte (4)

Nesta estancia cólganse varios retratos ao óleo, entre eles o da última propietaria do pazo, D.^a M.^a Paz Taboada, flanqueado polos dos seus pais e bisavós. Entre outros retratos familiares, figura tamén un do que foi bispo de Salamanca, José María Varela de Temes (s. XIX), realizado por Cándido Garabal.

Varias vitrinas recollen un valioso e misceláneo conxunto de pezas de distintas mostras de artes suntuarias e decorativas (alfaias, abanos, pipas, faldriqueiras, relicarios, etc.) de moi variadas procedencias.

Na mesa central, ocupa un lugar preferente un *xarrón* de cerámica pintado á man por Daniel Zuloaga.

Este salón está comunicado cun dos cuartos de invitados (5), no que habitualmente se aloxaba o poeta do Courel Uxío Novoneyra, e coa capela (6), estancia que amosa un retablo con imaxinería. Segundo unha inscrición que se conserva, a policromía deste retablo, ao igual que a pintura decorativa das paredes, foi realizada en 1909 polo pintor monfortino José Casanova Cortiñas.

Despacho (7)

Do seu mobiliario destaca un bargueño a xogo cun escritorio e un armario encaixado onde se custodia unha vaixela de Sargadelos, que lle pertenceu ao cóngo compostelán don José María Varela. Chama tamén a atención a súa importante biblioteca, con libros dos séculos XVI e XVII. Entre as pinturas que decoran as paredes mencionaremos dous óleos: *A Virxe co neno* e *A traizón de Xudas*, así como un curioso cadro en relevo que representa a Virxe do Carme.

Salón de xogos (9)

Así chamado pola antiga mesa de billar que ocupa a parte central do salón. Entre o mobiliario sobresa e un armario de madeira maciza de grandes dimensións e destinado a colchoeira, un biombo decorado con pinturas ao óleo de paisaxes e monumentos e unha serie de tresillos, sofás, diváns e diversas mesas de xogo distribuídas polo recinto. Nesa mesma zona, hai un reloxo de pé da casa inglesa Will Dorrel coa caixa decorada con motivos orientais en dourado.

Dos cadros que se colgan nas paredes deste salón, destacan tres óleos que representan a *María Magdalena*, *San Francisco de Asís e os santos franciscanos* e a *Virxe de Guadalupe*.

Comunica este salón co cuarto da señora (10), chamado así por ser a dependencia que ocupou a última propietaria do pazo, que conta cun lavabo pintado á man así como tamén con dous óleos sobre táboa: *A Anunciación* e *O soño de San Xosé*, asinados por Landeira, pintor do século XVIII.

Salón do mediodía (12)

Conta cunha cheminea e das súas paredes colgan tres espellos de gran tamaño. Acolle, xunto á cerámica de Talavera e de Sargadelos, varias interesantes mostras de pintura de distintas épocas, entre as que destacan tres óleos asinados por Agrassot: *Paisaxe*, *Sagrada familia* e *Ecce Homo*. Chama a atención un piano-forte da casa londiniense Collard Collard, así como unha pianola e un claviórgano, este último de Logman & Broderip de Londres.

Dormitorio principal (13)

Unha estrutura de madeira con tres arcadas neogóticas divide, nesta estancia, a zona de durmir e a de estar. Entre o mobiliario deste dormitorio sobresa e unha cama con dosel do século XVI, de estilo renacemento italiano e procedente de Nápoles, feita en madeira de pau santo e decorada profusamente con incrustacións, placas e calados de bronce. Nun lado desta cama está un berce, con discretos adornos en marquetería, mentres que no outro atopamos un váter inglés, pintado á man, da casa Trent.

Do mobiliario da zona de estar cómpre sinalar un confidente, sofá ovalado de catro corpos, un armario e un escritorio.

Un espazoso corredor (15), no que se amosan varios exemplares de bargueños e unha arca do ano 1759, sêrvelles de comunicación a varias dependencias, entre elas o

Comedor principal (17)

Sobre unha gran mesa central preséntase a vaixela de Sargadelos que lle pertenceu ao cóngo compostelán, don José María Varela.

Nunha das esquinas da estancia hai unha cheminea, de recente construción, adornada con pezas de bronce e cobre. Un bargueño, unha arca do século XVIII e un reloxo da marca Alfredo Delege completan o mobiliario desta dependencia, en cuxas paredes podemos ver un tapiz cunha escena de caza e varios óleos. Entre eles mencionaremos os retratos do cardeal Payá, do cóengo don José María Varela e un óleo, procedente de América, que representa a Virxe das Marabillas, así como un curioso retrato exvoto de don Francisco José de Quiroga y Losada, axeonllado diante dunha imaxe da Virxe.

Completan estas dependencias do pazo unha galería (18) dende a que pode contemplarse unha espectacular panorámica, tendo en primeiro plano un orixinal labirinto realizado con chantos.

Anexos

Nunhas construcións adxectivas, readaptadas recentemente, localízanse as seguintes dependencias: fragua, poleiro, cabalerías (nas que chaman a atención catro coches de cabalos do século XIX, así como diversas cadeiras de montar) e a gornición.

Biblioteca

Consérvanse nela un total de 2948 volumes que lles dan corpo a 2154 títulos, con obras que van dende o século XVI ao XX.

Coordenadas do Pazo de Tor (*datum* ETRS89)

UTM: 29 617558 4713921

xeográficas: 42°34'7,49"N 7°34'3,74W

decimais: 42.5687479737 -7.5677044448

Horario

De martes a domingo, visitas guiadas ás 11,00 h
12,30 h, 16,30 h e 18,00 h.

Luns pechado

O pazo permanecerá pechado os días:

1 de xaneiro (Aninovo), martes de Entroido,

22 de maio (Sta. Rita) e 24, 25 e 31 de decembro.

Entrada gratuíta

Pazo de Tor

San Xoán de Tor

27591 Monforte de Lemos (Lugo)

Tfno.: 982 165 534 / pazodetor@museolugo.org

www.museolugo.org